



Concello de Lugo

MAUSOLEO de GARCIA ABAD



O Mausoleo do que foi coéngo da Catedral lucense, Ramón García Abad, é obra do Arquitecto Nemesio Cobreros, data do ano 1888 e reproduce un modelo de arquitectura funeraria francesa que se pode encontrar no Cemiterio de Bordeos. Incorpora na súa construción as características propias da arquitectura historicista connotadas pola tendencia ao eclecticismo.

É unha representación da fe, entendida nun contexto de cambio e transformación social, na cal os principios, sentimentos e ideas dos vivos constitúen unha expresión do que é a morte. O conxunto recorda un templo clásico con mestura de estilos grecorromano, irlandés, prerrománico, renacentista e barroco.

A súa fachada principal conta cun arco de medio punto rodeado por unha moldura cóncava decorada con catorce rosetas de inspiración romana e cunha cartela na súa clave decorada

con follas de acanto, de cuxos laterais parte unha colgadura clásica recollida en soportes redondos dos que colgan os extremos de pano con movemento en zigzag que recorda o tratamento que se lles daba aos mantos das esculturas gregas durante o período arcaico.

As esquinas presentan semicolumnas estriadas sobre un zócalo e rematadas nun capitel de influencia renacentista.

Sobre a porta, o frontón triangular partido, característico do barroco e nas esquinas da cuberta, a antefixa, elemento decorativo propio da cultura isabelina que ocupa o lugar dos acroterios clásicos e que representa unha palmatoria de volutas de estilo dórico.

No vértice da cuberta, encontramos unha cruz similar ás irlandesas que, neste caso, é do período bárbaro ou prerrománico.

A parte posterior segue o mesmo esquema cá fachada con certas diferenzas: o frontón aparece decorado cunha roseta rodeada por unha cinta cóncava adornada.

Os vans laterais están divididos no centro mediante columnas que orixinan dous arcos de medio punto peraltados sobre os que descansa un óculo.



Concello de Lugo

MAUSOLEO de GARCIA ABAD



El Mausoleo del que fue coengo de la Catedral lucense, García Abad, es obra del Arquitecto Nemesio Cobreros, data del año 1888 y reproduce un modelo de arquitectura funeraria francesa que se puede encontrar en el Cementerio de Bourdeaux. Incorpora en su construcción las características propias de la arquitectura historicista connotadas por la tendencia al eclecticismo.

Es una representación de la fe, entendida en un contexto de cambio y transformación social, en la cual los principios, sentimientos e ideas de los vivos constituyen una expresión del que es la muerte. El conjunto recuerda un templo clásico con mezcla de estilos grecorromano, irlandés, prerrománico, renacentista y barroco.

Su fachada principal cuenta con un arco de medio punto rodeado por una moldura cóncava decorada con catorce rosetas de inspiración

romana y con una cartela en su clave decorada con hojas de acanto, de cuyos laterales parte una colgadura clásica recogida en soportes redondos de los que cuelgan los extremos de paño con movimiento en zigzag que recuerda el tratamiento que se daba a los mantos de las esculturas griegas durante el período arcaico.

Las esquinas presentan semicolumnas estriadas sobre un zócalo y finalizadas en un capitel de influencia renacentista.

Sobre la puerta, el frontón triangular partido, característico del barroco y en las esquinas de la cubierta, a antefixa, elemento decorativo propio de la cultura isabelina que ocupa el lugar de los acroterios clásicos que representa una palmatoria de volutas de estilo dórico.

En el vértice de la cubierta encontramos una cruz similar a las irlandesas que, en este caso, es del período bárbaro o prerrománico.

La parte posterior sigue el mismo esquema que la fachada con ciertas diferencias: el frontón aparece decorado con una roseta circundado por una cinta cóncava adornada.

Los vanos laterales están divididos en el centro mediante columnas que originan dos arcos de medio punto peraltados sobre los que descansa un óculo.